



CONCELLOS

LOURENZÁ

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 44 e 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, faise público a Resolución da Alcaldía "SOBRE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA ALCALDÍA NELA" de data 19/07/2023:

D^a. ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LOURENZÁ, PROVINCIA DE LUGO.

De conformidade co establecido nos artigos 21.3, 23.1 e 2 da Lei 7/85 de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, artigos 43,44,52,53 e 112.3 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e os artigos 61.3 e 65 da Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia,e

Considerando que a Xunta de Goberno é un órgano necesario no Concello por estar disposto así en acordo plenario de data 14/07/2023 sendo o número de membros que a integran, equivalentes ó tercio do número legal de membros da Corporación.

Corresponde á Alcaldía o libre nomeamento do concelleiros como membros da Xunta de Goberno Local é conferir delegacións en favor de esta, e polo tanto,

VEÑO EN DISPOÑER:

PRIMEIRO.- Nomear membros da Xunta de Goberno Local ós seguintes concelleiros:

- D. Javier Huertas Otero, 1º Tenente de Alcalde.
- D. Manuel Arango Ron, 2º Tenente de Alcalde.
- D^a. Mercedes Dengra Sixto, 3ª Tenente de Alcalde.

SEGUNDO.- Esta Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria o segundo e último venres de cada mes, ás 10:00 horas, na Sala da Alcaldía da Casa Consistorial do Concello de Lourenzá. No caso que o día sinalado para sesión ordinaria coincida cun día festivo a mesma se trasladará, co mesmo carácter ordinario, para o primeiro día hábil seguinte. A hora de celebración das sesións de carácter ordinario poderán ser modificadas pola Alcaldía cando medien causas xustificadas. Así mesmo a Xunta de Goberno Local celebrará sesión con carácter extraordinario cando o considere oportuno esta Alcaldía.

Realizará a primeira sesión constitutiva o día vinte e un de xullo do dous mil vinte e tres ás dez horas (21/07/2023), de conformidade co disposto no artigo 112.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local terá asinadas as seguintes atribucións:

- 3.1.- A asistencia á Alcaldía no exercicio das súas atribucións.
- 3.2.- As atribución que lle foron delegadas polo Pleno na sesión ordinaria celebrada o pasado 14/07/2023.
- 3.3.- As atribución que esta Alcaldía delega e que son as seguintes:

A) EN MATERIA DE URBANISMO E LICENCIAS:

- 1.- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral que non este expresamente atribuído ó Pleno.
- 2.- A aprobación dos instrumentos de xestión urbanística non atribuídos ó Pleno pola lexislación urbanística e dos Proxectos de Urbanización.

- 3.- O outorgamento de licencias de edificación, demolición e urbanísticas en xeral que impliquen actos de uso do solo e do subsolo e requiran previa licencia urbanística, instadas o realizadas por particulares, empresas o entidades públicas.
- 4.- A toma de razón de declaracións responsables o comunicacións previas de licenzas de obras.
- 5.- A concesión de licencias de apertura de establecementos de calquera índole.
- 6.- A emisión de informacións de orden urbanístico.
- 7.- A emisión de informe nos procedementos para a tramitación da autorización autonómica en solo rústico.
- 8.- A emisión de informe e aprobación dos expedientes suxeitos á normativa de Avaliación Ambiental así como a concesión das correspondentes licencias.
- 9.- A concesión de licencias de fin de obra e de primeira ocupación das edificacións.
- 10.- Outorgamento de Licencias sometidas ao Regulamento de Espectáculos Públicos excepto a autorización de bailes , verbenas populares e similares.
- 11.- Toma de razón de declaración responsable ou comunicación previa de apertura de establecementos para o exercicio de actividades non sometidas a avaliación da incidencia ambiental.
- 12.- A resolución de expedientes contra particulares por infraccións urbanísticas ou contra as normas de policía urbana, rural e medio ambiente, sen prexuízo das atribucións de impulsión de trámites e expedientes pola Alcaldía.

B) EN MATERIA CONTRACTUAL:

1. As contratacións de obras, subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía dos seis millóns de euros (6.000.000,00), incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada. Exclúese da citada delegación a clasificación das proposicións presentadas e a potestade de efectuar os requirimentos de documentación xustificativa ao licitador que presente a oferta máis vantaxosa ao que fai referencia 150 da Lei 9/2017 do 9 de novembro, de contratos do Sector Público o 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro do 2014.

Exclúese a tramitación e resolución de adxudicación dos contratos e concesións de toda clase inferiores a 6.000,00 euros.

2.- A adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público xa citada, non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de tres millóns de euros así como a enaxenación do patrimonio cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda da citada Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público .

3.- A aprobación dos proxectos de obras e servizos, os de seguridade e saúde e demais necesarios para a execución das obras municipais cando sexa competente para a súa contratación ou concesión do Alcalde e estean previstos no Presuposto.

3.- A aprobación das formas e procedementos de contratación así como os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e, en todo caso, de Prescricións Técnicas para as contratacións e concesións nos expedientes ós que se refire ó apartado primeiro desta letra. Igualmente a aprobación dos expedientes de licitación utilizando acordos marco ou sistemas dinámicos de adquisición.

C) EN MATERIA SANCIONADORA:

1.- Sancionar as faltas de desobediencia á Alcaldía ou por infracción ás Ordenanzas Municipais, excepto que tal facultade este atribuída ó Pleno.

D) EN MATERIA ECONÓMICO-FINANCIERA:

D.a) En materia de Gastos:

1.- As autorizacións e disposicións do gasto e recoñecemento das obrigacións derivadas das materias contractuais delegadas na letra B, desta Resolución.

2.- A aprobación da convocatoria, a concesión e xustificación de subvencións outorgadas polo concello dentro dos créditos orzamentarios a tal fin destinados e aprobación dos convenios de colaboración.

3.- O desenvolvemento da xestión económica de acordo co Presuposto aprobado e segundo o disposto nas Bases de Execución sempre que non sexan competencia do Pleno e autorizar, dispoñer gastos e aprobar facturas

a partir de TRES MIL (3.000,00) euros, IVE incluído, dentro dos límites que competen ó Alcalde, salvo nos casos que se indican a continuación cuxo pago será acordado e ordenado pola Alcaldía, calquera que sexa a súa contía, de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Local, a saber:

- Haberes e retribucións nominativas do persoal municipal de toda clase de conformidade cos acordos corporativos incluíndo asistencias, gastos de locomoción e axudas de custo dos cargos electos.
- Os gastos derivados das cotizacións á Seguridade Social, I.R.P.F. e I.V.E.
- Os servizos telefónicos, enerxía eléctrica e similares, que se liquidan segundo ás tarifas oficialmente aprobadas.
- Intereses e amortizacións de préstamos así como contratos de transporte a portes debidos.
- As anualidades ou mensualidades correspondentes ós diferentes contratos de servizos/xestión de servizos públicos/subministracións, publicacións e anuncios.

D. b) En materia de ingresos:

- 1.- Recoñecemento de exencións e bonificacións dos tributos locais.
- 2.- Aprobación de liquidacións de ingresos directos derivados de licencias e autorizacións delegadas na Xunta de Goberno.
- 3.- Os acordos relativos a baixas de suxeitos pasivos, devolución de ingresos indebidos, duplicados, etc. Así como a concesión de apazamentos e fraccionamentos de ingresos públicos.
4. O establecemento e modificación dos prezos públicos. (art. 47 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais).

D.c) Aprobación da Liquidación do Orzamento Municipal.

D.e) Aprobación de expedientes de incorporación de remanentes de crédito.

E) EN MATERIA DE BENS:

- 1.- A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios de presuposto nin os 3.000.000 euros así como o alleamento do patrimonio que non supere nin a porcentaxe nin a contía indicadas nos seguintes supostos:
- A de bens inmobles, sempre que estea prevista no presuposto.
- A de ben mobles, agás os declarados de valor histórico ou artístico, cando o alleamento non se atope prevista no Presuposto.
- Autorización para ocupación e uso especial de bens de dominio público.

F) EN MATERIA DE PERSOAL:

- 1.- A aprobación da Oferta de Emprego Público de acordo co Presuposto e o cadro de persoal aprobados polo Pleno.
- 2.- A aprobación das Bases e convocatoria das probas de selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.

G) EN OUTRAS MATERIAS:

- 1.- Solicitar e aceptar subvencións naqueles supostos en que a convocatoria non as atribúa a outro órgano municipal, agás cando se exixa pola respectiva convocatoria a solicitude e/ou aceptación por outro órgano municipal. A Alcaldía nos supostos de urxencia ou redución do prazo poderá realizar por ela mesma esta atribución dando conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se celebre para o seu coñecemento, e efectos.
- 2.- O outorgamento de subvencións.
- 3.- A solicitude de delegación de competencias para contratar obras o servizos de competencia da alcaldía efectuadas a outras Administracións Públicas.
- 4.- Asistir permanentemente ao alcalde na toma de decisións, analizando, estudando, propoñer ou acordar, segundo proceda, os asuntos competencia da alcaldía que ista teña a ben someter á Xunta de Goberno Local, sometendo á mesma os escritos e comunicacións doutras entidades e doutros organismos que requiran un acto administrativo resolutivo, sen prexuízo de que por razón da súa urxencia a alcaldía poida realizar por ela mesma estas atribucións dando conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se celebre para o seu coñecemento, e efectos.
- 4.- A concesión, transmisión ou modificación de licenzas de auto turismo.
- 5.- A resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñan detalladas nos apartados anteriores.

6.-As demais que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado e das C.C.A.A. asignen ó Municipio e non lleas atribúa a outros órganos municipais.

CUARTO.- A delegación de atribucións referida efectúase reservándose á Alcaldía a posibilidade expresa de avocación de calquera das atribucións por razóns de urxencia, dando conta á Xunta de Goberno Local a efectos de ratificación, sen prexuízo, no seu caso, da publicación que proceda.

QUINTO.- Os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local en relación coas materias delegadas terán o mesmo valor que as resolucións ditadas pola Alcaldía en exercicio das atribucións que non foran delegadas.

SEXTO.- Notificar persoalmente a presente Resolución ós designados que se considerará aceptada tacitamente salvo manifestación expresa; e remitir a presente Resolución de nomeamento ó Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación no mesmo así como no Taboleiro de Anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da sinatura da Resolución pola Alcaldía conforme se indica no artigo 23.1 da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 52.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

SÉTIMO.- A presente delegación de atribucións surtirá efecto a partir do día seguinte ao de adopción do preceptivo acordo, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da provincia.

OITAVO.- Dar conta ó Pleno do Concello desta Resolución na primeira sesión que se celebre.

O manda e asina a Sra. Alcaldesa, D^a. Rocío López García, en Lourenzá.

Lourenzá, 21 de xullo de 2023.- A Alcaldesa, Rocío López García, en Lourenzá.

R. 2693

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Pleno, na sesión extraordinaria celebrada o día 14/07/2023, adoptou entre outros, o acordo que literalmente se transcribe a continuación:

PRIMEIRO.- Aprobar a Proposta de referencia nos termos nos que está redactada, sendo o seu contido literal o que segue:

“D^a. ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, Alcaldesa - Presidenta deste Concelloá vista do disposto no artigo 51.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro, propónse ó Pleno a adopción dos acordos seguintes en relación coa delegación de atribucións das competencias plenarias na Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local, por razón de eficacia e operatividade, as seguintes competencias dentro das que legalmente son delegables, e que ten atribuídas o Pleno no artigo 22 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local:

1.- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenarias así como a declaración de lesividade dos actos do concello.

2.- Resolucións dos expedientes de investigación de situacións dos bens e dereitos que se presuman de propiedade municipal así como os tramitados para a recuperación da posesión dos bens de dominio público o patrimoniais do concello.

3.-A concertación de operacións de crédito cando a súa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10% dos recursos ordinarios do presuposto , agás as de Tesourería, que lle corresponderan cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, todo elo de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

4.- O recoñecemento extraxudicial de créditos sempre que non exista dotación presupostaria.

5.- As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, de concesión de obras, de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais que de conformidade co establecido nos números 2 e 3 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro do 2014, cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto ou a contía de seis millóns de euros, (6.000.000,00) incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas, cando o importe de todas as anualidades supere a porcentaxe indicada referido aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio ou a contía sinalada, excepto os contratos de concesión de servizos que excedan de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do 20 por 100 dos recursos ordinarios do Orzamento, xa que de conformidade co artigo 47.2 j) da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local, a adopción do correspondente acordo esixe un quórum especial.

6.- A celebración de contratos privados así como a adxudicación de concesións sobre bens do Concello e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, xa citada, supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto ou o importe de tres millóns de euros, excepto as concesións por máis de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do 20 por cento dos recursos ordinarios do orzamento ao esixir a adopción do correspondente acordo quórum especial, de conformidade co establecido no artigo 47.2 j) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local.

7.- As competencias en materia de alleamento de patrimonio que corresponden ao Pleno do Concello de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, coa excepción do alleamento dos bens declarados de valor histórico ou artístico así como dos ben tanto mobles como inmoables cuxa contía exceda do 20 por cento dos recursos ordinarios do orzamento ao esixir a adopción do correspondente acordo quórum especial, de conformidade co establecido no artigo 47.2m) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local.

8.- A aprobación dos proxectos de obras e/ou servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e cando aínda non estean previstos nos presupostos.

9.- Iniciación, tramitación e resolución dos expedientes de expropiación forzosa e solicitude á Xunta de Galicia de declaración de urxente ocupación.

10.- A solicitude de calquera tipo de subvención ou axuda económica destinada á execución de obras, servizos ou abastecementos, para as que sexa necesario acordo plenario agás que sexa obrigatorio.

11.- Aceptación de subvencións ou aprobacións de Convenios outorgados co gallo das solicitudes tramitadas en exercicio da delegación a que se fai referencia no apartado anterior.

12.- Aquelas outras que expresamente lle atribúan as leis agás as que requiran un quórum especial dos membros da Corporación para adopción de acordos.”

SEGUNDO.- As delegacións que se acordaron nos apartados anteriores suxeitaranse ó seguinte réxime xurídico:

a) As facultades que poderá exercer a Xunta de Goberno Local en relación coas atribucións obxecto de delegación serán as propias que correspondan ao órgano delégante, e inclúen expresamente a facultade de resolver os recursos de reposición interpostos contra os actos ditados polo órgano delegado.

b) O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nos acordos que se adopten, de conformidade co que dispón o artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

c) O Pleno da Corporación, conforme ao establecido nos artigos 44.1 e 116 do R. Decreto 2568/1986, a facultade de abocar en calquera momento a competencia sobre calquera asunto ou materia obxecto de delegación seguindo as mesmas formalidades aplicadas para otorgalas.

d) O órgano delegante conservará as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións que emanen en virtude da delegación, e debe ser informado con anterioridade á adopción de decisións de transcendencia, de acordo co disposto no artigo 115 do R. Decreto 2568/1986,

TERCEIRO.- O réxime xurídico aplicable á presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e con carácter xeral na Lei 40/2015 do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

CARTO.- A presente delegación de atribucións surtirá efecto a partir do día seguinte ó da adopción do preceptivo acordo municipal, se procede, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao establecido no artigo 51.2 do R. D.2568/86 de 28 de novembro, así como na sede electrónica ou páxina web da Entidade Local co fin de dar cumprimento ás obrigas de publicidade previstas no artigo 6 da Lei 19/2013 de 9 decembro de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Lourenzá, 18 de agosto de 2023.- A Alcaldesa, Rocío López García, en Lourenzá.

R. 2694

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

De conformidade co disposto no artigo 75 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local faise público o acordo adoptado polo Pleno do Concello na sesión extraordinaria celebrada o día 14/07/2023 referente a INDEMNIZACIÓNS POR GASTOS DE DESPRAZAMENTO, sendo do seguinte tenor:

“Os Gastos de viaxe en vehículo propio fixaranse en 0,19 Euros/ KM., debendo presentarse conta - liquidación dos quilómetros efectivamente realizados, datas e destino.

Para a xustificación e cobro destas indemnizacións estarase o disposto ó Real Decreto 462/2002 de 24 de Maio sobre indemnizacións por razón do servizo, do Ministerio da Presidencia publicado no BOE. núm.129 de 30/05/2002.

As indemnizacións por asistencia ás sesións e os importes das axudas de custo non experimentarán modificación sendo as seguintes:

Dieta enteira	185,00
Dieta por manutención	90,00
Dieta aloxamento	95,00

No que se refire a indemnización por asistencia a sesións de Plenos e Comisións de que formen parte os membros da Corporación que non teñan recoñecida ningún tipo de dedicación, percibirán as seguintes cantidades:

- Por cada día de concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte: Pleno, Xunta de Goberno, Comisión Especial de Contas e calquera outra Comisión Informativa ou de Estudio específica da que formen parte: 70,00 Euros.”

Lourenzá, 18 de agosto de 2023.- A Alcaldesa, Rocío López García, en Lourenzá.

R. 2695

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA.

De conformidade co disposto no artigo 75.5 da Lei 7/85 de 18 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, faise público que o Pleno do concello de Lourenzá na sesión extraordinaria celebrada o día 14/07/2023 adoptou, entre outros, o acordo que na súa parte dispositiva foi a seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a Proposta de referencia nos termos nos que está redactada, sendo o seu contido literal o que segue:

Pola Alcaldía-Presidencia deste Concello, á vista do disposto no artigo 13.3 e 4 do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e artigo 225 da Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, no artigo 18 da Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local polo que se introduce o artigo 75.bis, da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, así como como no artigo 18 do Real Decreto 24/2018 de 21 de decembro, polo que se aproban as medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público e concretamente os límites máximos actuais en relación co réxime retributivo dos membros das Corporación Locais, propónse ó Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes para a presente lexislatura:

Primeiro.-Que o exercicio do cargo da Alcaldía se preste en réxime de dedicación exclusiva, cunha retribución que ascenderá a Tres mil douscentos vinte e oito euros con dous céntimos (3.228,02-) brutos mensuais, distribuídos en doce pagas ordinarias e dúas extraordinarias nos meses de xuño e decembro, cos incrementos anuais que para os funcionarios se establezan nas Leis de Presupostos respectivas. Dita retribución será con efectos do día 18/06/2023.

Segundo.- Que o exercicio de Primeira Tenencia de Alcaldía, que será desempeñado por D. JavierHuertas Otero, se preste en réxime de dedicación parcial, ó 50% da xornada, en réxime de vinte horas semanais, cunha retribución que ascenderá a Mil seiscientos catorce euros cun céntimo (1.614,01-) brutos mensuais, distribuídos en doce pagas ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, cos incrementos anuais que para os funcionarios se establezan nas Leis de Presupostos respectivas. Dita retribución será con efectos do día 18/06/2023.

Recoñecer a compatibilidade das actividades económicas desenvoltas polo primeiro tenente de alcalde, traballador autónomo no sector do comercio ao por menor de mobles, coa dedicación parcial, ao abeiro do disposto no artigo 75.2 da Lei Bases Réxime Local, en relación co artigo 5 da Lei de Incompatibilidades, e en tanto non existe relación directa de tales actividades coas desenvoltas nos departamentos dos que se fará cargo no Concello de Lourenzá.

Terceiro.-Tanto o cargo de Alcaldía como o de Primeira Tenencia da Alcaldía, non recibirán ningún tipo de abono por desprazamentos - Kilometraxe nin dentro nin fora do término municipal nin tampouco por dietas.

Cuarto.-O recoñecemento da dedicación exclusiva á Alcaldía esixirá a dedicación exclusiva ás tarefas propias do cargo e a incompatibilidade expresa coa de calquera outra retribución con cargo ós presupostos das Administracións Públicas e dos Entes, Organismos e Empresa delas dependentes.

Quinto.-De acordo co disposto no artigo 13.4 do ROF, o nomeamento dos membros da Corporación para algún destes cargos con dedicación, unicamente surtirá efectos no momento no que sexa aceptado expresamente por este, o que se comunicará ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Sexto.-Formalizar o correspondente contrato de traballo e a alta no réxime xeral da Seguridade Social de conformidade co artigo 75.1 da Lei 7/85 xa citada e artigo 225 da Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Sétimo.- Que á vista dos acordos precedentes, se proceda, se fose necesario ás adaptacións dos créditos orzamentarios, procedendo para elo, se fose necesario, á tramitación das modificacións de crédito oportunas, en relación co orzamento prorrogado para o presente exercicio.

Oitavo.-Publicar o acordo plenario integramente no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, no abeiro do disposto no artigo 75.5 LBRL, a efectos de xeral coñecemento.

E a miña proposta, non obstante a Corporación acordará o que estime pertinente.

SEGUNDO.-Facultar á Sra. Alcaldesa, D^a. Rocío López García, para xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.”

Lourenzá, 18 de agosto de 2023.- A Alcaldesa, Rocío López García, en Lourenzá.

R. 2696

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 17 de xullo do 2023, prestou aprobación a proxecto de REPARCELACIÓN DA ZONA “D” de Monforte de Lemos.

Sométese o devandito proxecto ó trámite de información pública (o proxecto poderase consultar na Secretaría do Concello en horario de nove a dúas) por un período de quince días hábiles, para os efectos de presentación de alegacións. De non formularse en tempo hábil, esta aprobación será elevada a definitiva, segundo o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Monforte de Lemos, 21 de agosto de 2023.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 2697

VILALBA

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vilalba, en sesión celebrada o día 10 de agosto de 2023, segundo consta na acta correspondente, acordou a aprobación das bases reguladoras da convocatoria de asignación de usos das instalacións deportivas municipais para actividades deportivas de adestramento durante a tempada 2023-24. Expediente 2777/2023:

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE ADESTRAMENTO DURANTE A TEMPADA 2023-2024

A xestión para permitir o uso de espazos deportivos de instalacións de titularidade municipal configúrase como unha necesidade que no transcurso do tempo non se chegou a solucionar plenamente.

A Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia considera o deporte de interese público. Pola súa banda, a Lei 3/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas establece no artigo 92.5 que as autorizacións poderán ser gratuítas, e ademais, o artigo 137.4. recolle a posibilidade de adxudicación directa cando a entidade sexa sen ánimo de lucro.

Nembargantes do anteriormente exposto, o marco no que se regula a cesión do uso de espazos deportivos das instalacións municipais é moito máis complexo que fai anos debido ao aumento da rede asociativa local que require dos mesmos para desenrolar a práctica deportiva. Polo tanto, é necesario regular un procedemento que facilite e mellore a xestión e coordinación de espazos, facilitando a comunicación entre as entidades e a administración.

1. OBXECTO

Estas bases teñen por obxecto regular as condicións polas que a Alcaldía vai proceder ao reparto das horas de uso das instalacións deportivas municipais para a realización de actividade deportiva de adestramento, por parte das entidades detalladas no punto 2 que desexen solicitar horas para ese fin.

Debido a número elevado de entidades deportivas do pobo de Vilalba que realizan os seus adestramentos en instalacións municipais, a Alcaldía pretende realizar un reparto do uso das horas libres semanais nas ditas instalacións entre todas as entidades deportivas interesadas. Para iso, realízase esta convocatoria.

Corresponde ao Concello de Vilalba, a través da Alcaldía e o Servizo Municipal de Deportes, a promoción do deporte e a utilización das instalacións deportivas, como así establece entre as súas competencias propias a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 25.2.

A mesma competencia está recoñecida para os municipios na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

A súa vez, a Lei 3/2012, do 21 de abril, do Deporte de Galicia establece no seu artigo 8 entre as competencias dos municipios:

- Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente en idade escolar.
- Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso, a xestión e mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e xestión lle sexan cedidas.
- Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso destas e coidar a súa debida hixiene e seguridade.

En base ás devanditas competencias, a Alcaldía é responsable de optimizar ao máximo o uso das instalacións deportivas municipais de tal forma que, no caso de que queden horas libres que non vaian ser utilizadas polo Concello de Vilalba de forma directa, deberá asegurarse o maior uso deportivo posible das instalacións por parte da cidadanía e entidades.

A gran demanda destas instalacións dá lugar a que sexa necesario aprobar estas bases e regular de forma ordenada o procedemento de solicitude das instalacións, así como a prelación do reparto das horas semanais dispoñibles.

Non se ofertarán as horas das instalacións que sexan necesarias para a realización de competicións, actividades municipais e actividade deportiva escolar.

2. SUXEITOS

Poderán solicitar mediante este procedemento o uso das instalacións deportivas municipais os seguintes suxeitos:

1. Entidades deportivas con sede social no pobo de Vilalba, definidas polo artigo 40 da Lei do Deporte de Galicia: clubs deportivos, agrupacións deportivas escolares, seccións deportivas e federacións deportivas, todas elas sen ánimo de lucro.
2. Entidades deportivas da comarca con sede noutro municipio distinto a Vilalba, pero que desenvolven unha disciplina deportiva da cal non existe ningún club local.
3. Deportistas individuais con licenza federativa empadroados en Vilalba que precisen das instalacións deportivas municipais para realizar adestramentos. Considérase deportista individual aquela persoa que practique unha modalidade deportiva de carácter individual. Ten a consideración de deporte individual a modalidade deportiva que sexa practicada por un ou dous deportistas como máximo en función do seu regulamento.

3. RÉXIME XURÍDICO E NORMATIVA APLICABLE

Tanto o reparto de horas como o uso das instalacións deportivas municipais deberá realizarse respectando as Bases reguladoras desta convocatoria e, en todo caso a normativa vixente, en concreto:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia.
- Lei 33/2003, del 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.
- Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

- Decreto 98/2020, de 2 de xullo, polo que se regula o procedemento de autorización da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenrolen en máis dun término municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 48/2021, do 11 de marzo, polo que se regula a actividade de control de acceso aos espectáculos públicos e actividades recreativas, así como aos establecementos ou espazos abertos ao público en que se realicen.
- Decreto 226/2022, do 22 de decembro, polo que regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos.
- Ordenanza n.º 20, Taxa por utilización das instalacións da Piscina Municipal.
- Ordenanza n.º 33, Reguladora da taxa por prestación dos servizos públicos das instalacións e escolas deportivas, campamentos de verán e outros servizos análogos.
- Ordenanza fiscal n.º 42, Taxa por estancia nocturna en instalacións municipais.

4. INSTALACIÓNS OBXECTO DA CONVOCATORIA

No Anexo I que se achega con estas Bases inclúese unha táboa na que se enumeran todas as instalacións deportivas municipais onde se permitirán realizar adestramentos, o tipo de modalidade deportiva permitida en cada unha delas e as horas ofertadas. Como norma xeral distribuiranse horas de luns a venres entre as horas que non estean reservadas polo Concello de Vilalba para o desenvolvemento das súas actividades e Escolas Deportivas Municipais. En determinadas instalacións poderanse ofertar ademais horas en sábados e domingos.

Nos pavillóns deportivos de uso polivalente, téntase que cada modalidade deportiva poda optar a solicitar horarios de adestramento ata nun máximo de 2 instalacións diferentes.

Nas devanditas instalacións existen na actualidade horas dispoñibles que se poden ofertar para uso deportivo. Non obstante, a dispoñibilidade pode cambiar ao longo do ano para aumentar a oferta de programación propia ou ben para dar cobertura a competicións deportivas que se teñan que realizar nas instalacións. Do mesmo xeito poderase limitar o uso das instalacións concedidas de forma temporal como consecuencia da realización de obras, por motivos sanitarios, realización de eventos municipais ou actividades que presenten interese xeral.

As entidades que participen nesta convocatoria deben axustar a súa solicitude aos horarios de uso dos seus diferentes equipos, sen chegar a solicitar franxas dispoñibles completas que poidan derivar nunha posible infrautilización da instalación; o Servizo Municipal de Deportes proporá de xeito motivado a desestimación daquelas solicitudes que non cumpran este principio ou que pretendan levar a cabo a práctica de modalidades deportivas distintas ás indicadas no Anexo I para cada instalación.

5. REQUISITOS PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO.

Deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- a) Que se pretendan realizar actividades deportivas de adestramento cuxo principal obxectivo é a participación e/ou consecución dun resultado deportivo en competicións desenvolvidas no ámbito federativo ou nas competicións recoñecidas pola Administración Deportiva. Non se concederán horas para equipos ou deportistas individuais que non estean destinados a adestramentos para competición, nin se terán en conta para o cálculo da puntuación establecida no punto 8 o número de licenzas federativas correspondentes aos equipos dunha entidade deportiva que non participen en competicións.
- b) Que a actividade se realice por unha entidade que se corresponda con calquera dos suxeitos descritos no apartado 2 destas bases e cuxo adestramento e/ou competicións teñan como sede este pobo, ou según o establecido no punto 2.2., a comarca.
- c) Na data da proposta de resolución as entidades solicitantes deberán estar inscritas (ou en trámite de inscrición) no Rexistro Municipal de Asociacións cos datos actualizados. A inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións será comprobada antes da proposta de resolución definitiva.
- d) As entidades deben estar adscritas á correspondente Federación deportiva.
- e) Non dispoñer de instalacións propias para o desenrolo da modalidade deportiva en cuestión ou que estando en posesión dalgunha, dita instalación non poda soportar toda a carga de adestramentos da entidade.

No caso de que se presente algunha entidade que non cumpra os requisitos anteriores poderá excluírse directamente do procedemento.

6. CRITERIOS DE REPARTO

O reparto de horas de uso de cada instalación deportiva farase en base aos seguintes criterios:

- a) Como norma xeral prima a regra de que todos os clubs e entidades deportivas con deberían obter como mínimo 2 hora para adestramentos. Se fose necesario, co fin de cumprir con esta regra, o Servizo Municipal de Deportes poderá modificar o Anexo I para realizar o reparto. A modificación do Anexo I debe quedar

motivada no Informe Técnico. No caso de que fose necesario, o Servizo Municipal de Deportes poderá propoñer concederlle horas a unha entidade deportiva fora do horario solicitado. Nese caso, deberase aceptar expresamente pola entidade.

- b) Asignaráselle horas a unha entidade sempre e cando as solicite para o adestramento dun deporte permitido nesa instalación e que ademais coincida co obxecto polo que está constituído o club ou entidade.
- c) Trataranse de asignar tantas horas como sexa posible dentro das solicitadas. O número de horas asignado poderá ser inferior no caso de que haxa moitas solicitudes para ese mesmo horario. Nese caso haberá que atender aos criterios de baremo e ao informado polo Servizo Municipal de Deportes.
- d) A asignación das horas de uso por parte do Servizo Municipal de Deportes poderase facer atendendo ás categorías dos equipos e idades das persoas deportistas.
- e) No caso de que haxa dúas ou mais solicitudes coa mesma preferencia, asignaranse as horas intentando conseguir equidade entre as entidades solicitantes. Para iso tomarase como referencia a valoración obtida por cada solicitante en función do baremo establecido no seguinte punto. Os criterios de baremación utilizaranse exclusivamente para coñecer a envergadura do club ou entidade. A maior puntuación enténdese que se trata dun club de maior envergadura e que polo tanto precisa máis número de horas para os adestramentos, pero en ningún caso a puntuación alcanzada en dito baremo outorgará automaticamente aos clubs que obteñan maior puntuación o número exacto de horas de adestramento solicitadas. Intentarase que a igualdade de puntuación se consigan o mesmo número de horas. Sen embargo, no caso de que en base a ese criterio de reparto fose quedar algún club ou entidade deportiva sen horas, o Servizo Municipal de Deportes poderá variar o criterio de reparto co fin de outorgarlle algunha hora ao club ou entidade que obtivo menor puntuación. Nese caso debe quedar claramente motivado no Informe.
- f) Tomarase como referencia o número de horas semanais que se utilizaron na tempada anterior para adestramento nas instalacións deportivas municipais co fin de non prexudicar a ningunha entidade no reparto de horas, de tal forma que poidan continuar nesta tempada de forma similar aos usos que viñan desfrutando no ano anterior, sempre e cando non se produza un agravio comparativo entre entidades e sempre e cando se respecten as peticións dos clubs ou entidades novas e que polo tanto non dispoñen de horas de uso.
- g) Poderase realizar un cálculo proporcional para repartir as horas entre unha ou varias entidades tomando como referencia o número de puntos obtidos no baremo e o número de horas dispoñibles nas que existe conflito.
- h) As entidades que non viran atendidas a totalidade das horas solicitadas, ofreceránselles horas noutras instalacións similares.
- i) Na solicitude deberase indicar o número de equipos cos que conta a entidade, as categorías dos mesmos e os horarios de adestramento solicitados para cada equipo.

7. BAREMO

Para obter a puntuación pola que se valorarán as solicitudes das entidades, aplicarase o seguinte baremo cunha puntuación máxima de 100 puntos:

CRITERIOS			PUNTOS
1	En función do tipo de adestramento (máx. 10 puntos)	Deporte individual	8
1		Deporte colectivo	10
2	En función do nivel de competición, acumulativos (máx. 35 puntos)	Local	1
2		Provincial	4
2		Autonómica	10
2		Nacional	20
3	En función do número de socios ou abonados (máx. 5 puntos)	Ata 50 persoas socias	1
3		De 51 a 100 persoas socias	2
3		De 101 a 200 persoas socias	3
3		A partir de 201 persoas socias	5
4	En función do número total de licenzas federativas que compitan, competición oficial e regular (máx. 15 puntos)		0,07 x cada licenza

5	En función do número de licenzas federativas femininas que compitan, competición oficial e regular (máx. 10 puntos)	0,1 x cada licenza
6	En función do número de licenzas federativas de menores de idade que compitan, competición oficial e regular (máx. 10 puntos)	0,1 x cada licenza
7	En función de se a entidade dispón de equipos inscritos en competicións federadas adaptadas	5
8	En función de se a entidade ten convenio nominativo co Concello para o fomento do deporte escolar	10

*** As licenzas federativas que se terán en conta son as que teñan en vigor á data de presentación do formulario.**

8. PUNTUACIÓN EN CASO DE EMPATE

No caso de que se elixan as mesmas horas e os mesmos días nunha instalación deportiva municipal por parte de dúas ou máis entidades, poderase utilizar o baremo establecido no punto 7 para establecer unha orde de prelación entre os solicitantes.

Non obstante, a puntuación obtida pola aplicación deste baremo non é vinculante para obter o total de horas solicitadas, podendo a Mesa de Avaliación, dentro da potestade discrecional que lle outorga a lei, realizar un reparto equilibrado entre varios solicitantes atendendo as circunstancias particulares de cada caso.

A puntuación total obtida por cada entidade será a resulta de sumar cada un dos puntos que lle correspondan por estes criterios enumerados no punto anterior.

9. PROCEDEMENTO

O procedemento polo que se lle distribuirán as horas de utilización privativa das instalacións deportivas municipais ás entidades solicitantes será o de concorrencia competitiva, mediante o cal se pretende garantir o reparto mais equitativo posible entre os/as solicitantes que presenten características similares.

As presentes bases serán aprobadas polo órgano competente, a instrución do procedemento corresponderalle ao Servizo Municipal de Deportes e a resolución á Xunta de Goberno Local según o Decreto da Alcaldía de Delegación de competencias n.º 435 de data 30 de xuño de 2023

9.1. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZO

As entidades deberán solicitar as instalacións e horarios que se axusten ás súas necesidades, atendendo á modalidade deportiva que se pode practicar en cada instalación e ao horario ofertado nesta convocatoria de acordo co **Anexo I**.

É obriga, según o establecido no artigo 14.2. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, presentar electrónicamente as solicitudes a través da sede electrónica do Concello de Vilalba mediante o procedemento específico habilitado para este trámite, no prazo de DEZ (10) DÍAS HÁBILES desde o día seguinte á publicación da convocatoria no B.O.P. e na sede electrónica, sen prexuízo da súa publicación na web municipal.

Cubrirase unha solicitude xenérica onde se indicarán todos os datos solicitados para dar paso a achega da documentación seguinte:

- Formulario específico de solicitude, **Anexo II**.
- Certificado acreditativo do número de licenzas federativas emitidas pola federación correspondente, onde deberá distinguirse entre número total de licenzas, número de licenzas de menores, número de licenzas femininas e o nivel das competicións.
- No suposto de non estar inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións deberá acreditar que a súa inscrición está en proceso de trámite.
- No caso de que se vaian realizar adestramentos con persoas menores de idade deberán declarar responsablemente que están en posesión da certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais, conforme a Lei 26/2015, de 28 de xullo, (BOE 29-7-2015).
- Aportar a copia da preceptiva póliza de responsabilidade civil e xustificante de pago da mesma, actualizada ao período de uso e coas coberturas de capital mínimo asegurable, nos termos nos termos esixidos no art. 8 e disposición transitoria terceira da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e o art. 8 do Decreto 226/2022, do 22 de decembro polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas.
- Todas as persoas usuarias das actividades deportivas desenvolvidas polas entidades beneficiarias deberán ter garantida a asistencia sanitaria; en consecuencia deberán presentar unha declaración responsable, indicando que todas as persoas participantes (incluídas as aspirantes ou en período de proba) dispoñen de licenza federativa e/ou a necesaria póliza de accidentes que garanta a asistencia sanitaria en dita actividade

e coa mesma cobertura que se de licenza federativa se tratase ás persoas participantes que non estean federadas, tal e como establece a Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, a través da súa modificación practicada pola Lei galega 13/2015, de 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

- g) Relación do persoal responsable de cada grupo/equipo de adestramento (adestradores/as, coordinadores/as ou persoal de apoio) da entidade que utiliza as instalacións deportivas municipais (**Anexo III**) e declaración responsable de que posúen a licenza federativa.
- h) No caso de ter persoal con contrato laboral, declaración responsable de que se encontran de alta na Seguridade Social.

No caso de que nalgún momento do procedemento se observe que se achegaron datos falsos co fin de obter un maior número de horas, o Servizo Municipal de Deportes poderá propor a exclusión do interesado no procedemento ou que se revogue o uso outorgado inicialmente.

No caso de que no transcurso do procedemento se dean circunstancias que alteren os datos facilitados, a entidade debe poñelo en coñecemento do Servizo Municipal de Deportes o antes posible.

9.2. AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes serán revisadas polo Servizo Municipal de Deportes.

9.3. REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN

Revisadas as solicitudes, se os solicitantes tiveran que emendar e/ou presentar documentación complementaria, concederáse un prazo de 3 días hábiles para emendar dita documentación, aclaración de datos, etc....

Transcurrido este prazo, e no caso de que non se aportase a documentación requirida, terase por desistida a súa petición ou no caso de non acreditar algún dos apartados dos criterios de valoración, o Servizo Municipal de Deportes non aplicará a valoración do mesmo por falta documental da entidade conforme a datos obxectivos.

9.4. RESOLUCIÓN PROVISIONAL

Unha vez pechado o prazo e recibidas todas as solicitudes, realizarase unha valoración das mesmas e formularase unha proposta de resolución provisional coa asignación de horas de uso.

A valoración será realizada polo Servizo Municipal de Deportes.

A proposta de resolución provisional asinada pola Alcaldía pola que se distribúen as horas de uso das instalacións deportivas será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web municipal.

Contra a proposta de resolución provisional poderanse interpoñer as alegacións que se estime oportunas no prazo de 5 días hábiles.

9.5. RESOLUCIÓN DEFINITIVA

Valoradas as alegacións, publicarase a resolución definitiva, non caso de non habelas a resolución provisional será definitiva transcurrido o prazo de 5 días hábiles para formulalas. En tanto non se resolva o procedemento, continuarán os usos de instalacións deportivas que estiveran vixente ata ese momento.

Esta resolución definitiva da Xunta de Goberno Local será publicada no B.O.P. e na sede electrónica do Concello de Vilalba.

9.6. RECURSOS

A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse dende a data da súa publicación, no prazo dun mes, o recurso potestativo de reposición, ou, no prazo de dous meses, o recurso contencioso administrativo.

10. RÉXIME DOS USOS CONCEDIDOS E NORMAS DE USO

- a) A administración municipal quedará facultada para a modificación ou suspensión puntual dos usos finalmente adxudicados en función das necesidades do Concello de Vilalba, polo que poderá revocar a autorización unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público ou razóns extraordinarias e motivadas, sen que a entidade afectada teña dereito a ningunha compensación ou indemnización. O Servizo Municipal de Deportes notificaralle tal circunstancia á entidade que teña concedidos eses usos ao correo electrónico facilitado na súa solicitude cunha antelación mínima de dous días, sempre que sexa posible, e indicarlle o motivo da suspensión. No caso de que sexa necesario realizar calquera modificación da resolución definitiva ditarase outra resolución motivada.
- b) A distribución dos usos para adestramento non faculta á entidade para poder realizar unha competición deportiva dentro dos días e horarios asignados. No caso de que se teña que realizar unha competición deportiva deberá solicitalo con antelación suficiente ante o Servizo Municipal de Deportes presentando unha solicitude e/ou a declaración responsable correspondente por rexistro.
- c) Os usos concedidos estenderanse desde o 18 de setembro de 2023 (ou data da resolución, se esta fose posterior) ao 21 de xuño de 2024. Exclúense as seguintes datas:

- Vacacións do Nadal (do 22 de decembro do 2023 ao 7 de xaneiro de 2024).
- Vacacións de Carnaval (do 12 ao 14 de febreiro de 2024)
- Vacacións de Semana Santa (do 25 de marzo ao 1 de abril do 2024)
- Festivos nacionais, autonómicos e locais
- Festivos según o convenio laboral de conserxería e limpeza
- Os meses de xullo e agosto.

Os interesados que precisasen usos nestes períodos excluídos deberán solicitar tales usos, de xeito expreso e xustificando, por rexistro de entrada e coa debida antelación; as solicitudes poderán ser desestimadas de xeito motivado. No caso de que varias entidades pidan o mesmo, aplicaranse os criterios de preferencia previstos nas presentes bases.

- d) O calendario de uso das instalacións poderá modificarse en función da programación municipal de actividades, sempre que ditos cambios obedezan ao interés xeral, e previa comunicación aos interesados.
- e) As entidades que fagan uso da última quenda autorizada terán 15 minutos para abandonar a instalación unha vez rematado o horario de adestramento.
- f) As horas dispoñibles das instalacións serán xestionadas polo Servizo Municipal de Deportes poñéndolas á disposición de todos os interesados previa reserva ou solicitude.
- g) Os usos das instalacións deportivas farase nas condicións fixadas pola presente convocatoria e a resolución da mesma. En consecuencia, calquera uso diferente ao concedido ou a modificación deste deberá ser formalmente solicitado pola entidade interesada, e a Xunta de Goberno Local a proposta da Alcaldía resolverao.
- h) Os adxudicatarios obríganse a utilizar as instalacións nos termos que lle foron concedidos. No caso de que non poidan utilizar a instalación de forma temporal deberán comunicalo ante o Servizo Municipal de Deportes o cal estará facultado para ofertar as horas que non se van usar de forma libre. A comunicación do cese temporal do uso das instalacións deportivas deberá facerse cunha antelación mínima de 2 días hábiles. Dita comunicación deberá facerse por Sede Electrónica, indicando no asunto o cesamento do uso das instalacións, o período de tempo e o motivo. No caso de que non se realice esta comunicación, o Servizo Municipal de Deportes poderá considerar que non se está a utilizar a instalación sen causa xustificada e poderá ditar unha resolución onde a entidade perda o dereito ao uso da instalación.
- i) O Servizo Municipal de Deportes levará un control do uso das instalacións deportivas municipais por parte das entidades que o teñen concedido. Dito control realizarase polo persoal de conserxería de cada instalación debendo comunicar os resultados do mesmo.

No caso de que se produza infrautilización das instalacións por parte das entidades sen causa xustificada, o Servizo municipal de Deportes informará desta circunstancia á Alcaldía que propondrá á Xunta de Goberno Local ditar unha resolución pola que a entidade perderá o dereito ao uso da instalación nesas horas infrautilizadas durante o que resta de tempada.

Considerarase que existe infrautilización dunha instalación nos seguintes casos:

- No caso de deportistas individuais: cando o deportista e adestrador/a falten aos adestramentos na instalación 3 días sen xustificación.
- No caso de equipos, cando se dea calquera das seguintes circunstancias:
 - a) Que o equipo e adestrador/a falten aos adestramentos na instalación 3 días sen xustificación.
 - b) Que non acuda ao adestramento o 60% do equipo sen causa xustificada.

En ningún caso se permitirá que un equipo solicite unha instalación deportiva e posteriormente non veña a adestrar como tal, senón que se faga de forma individual por parte dos/as xogadores/as. Isto será considerado un caso de infrautilización da instalación e dará lugar á perda do dereito a gozar da instalación nesas horas para o resto da tempada.

- j) A entidade non poderá transferir total ou parcialmente a terceiros alleos á mesma os usos concedidos nin desenvolver unha actividade distinta á que describiu na súa solicitude de participación na presente convocatoria, salvo que para isto último conte con autorización expresa do Concello.
- k) A entidade autorizada non poderá percibir de terceiro contraprestación económica algunha polo uso das instalacións autorizadas, ditas entidades tan só poderán percibir retribución pola entrada de espectadores os días de competición. Non estará permitida a venda de mercadorías, merchandising, nin calquera outro tipo de transacción económica ou comercial, salvo solicitude e autorización expresa en contrario. Se se detectase que se percibiron retribucións por tales actividades incoaráselle o correspondente expediente contradictorio por incumprimento de condicións.

- l) En relación co anterior, o control de accesos levarase a cabo con persoal municipal, quedando terminantemente prohibido que ningún membro da entidade beneficiaria do uso dea ordes ao devandito persoal; agás nas competicións, nas que o control de accesos se realizará por persoal designado pola entidade, baixo a supervisión municipal. No caso de que se prevea para un determinado partido unha afluencia de público especial ou calquera outra circunstancia extraordinaria, a entidade comunicará por escrito ao Servizo Municipal de Deportes cunha antelación mínima de tres días para que se poidan adoptar as medidas pertinentes; de non facelo así a entidade beneficiaria asumirá todas as consecuencias que se poidan derivar da falta de comunicación. Porén, se pola importancia do evento fose necesario uns servizos de vixilancia ou doutro tipo necesarios para garantir a boa orde do evento, a entidade solicitante deberá sufragar o custo dos mesmos. Con todo, tales servizos deberán axustarse a Lei 3/2012 do deporte en Galicia e a Lei 10/2017 de espectáculos e actividades recreativas de Galicia.
- m) É obrigatoria a asistencia das persoas adestradoras, delegadas ou directivas, maiores de idade, durante o desenvolvemento do adestramento, uso das salas, e no uso dos vestiarios. En ningún caso poderá delegarse en deportistas ou nunha terceira persoa.
- n) En determinados casos extraordinarios e con autorización municipal expresa, poderán ser as propias entidades a través da persoa que se designe, as encargadas de abrir e pechar as instalacións autorizadas.
- o) É obriga das entidades colaborar coa administración no bo uso e mantemento das instalacións autorizadas, para elo, a tramitación de incidencias sobre os espazos, equipamentos ou materiais, deberá realizarse a través da correspondente comunicación por medios electrónicos que determine o Servizo Municipal de Deportes.
- p) No caso de cambios nos datos da solicitude, as entidades terán que comunicalo ao Servizo Municipal de Deportes.
- q) As entidades beneficiarias asumirán os danos que se ocasionen a terceiros ou aos propios bens municipais con motivo da devandita utilización da instalación deportiva. A entidade autorizada queda obrigada á reposición ou reparación dos elementos e/ou instalacións que, derivados dun mal uso, precisaran da súa renovación ou reparación para o seu mantemento e conservación, entendendo que as instalacións autorizadas atópanse en condicións óptimas para a práctica deportiva.
- r) As entidades autorizadas serán responsables dos riscos propios da actividade durante os períodos de autorización outorgados, así como da responsabilidade civil que puidera resultar pola utilización das instalacións dos seus xogadores, socios ou terceiros, para o que deberán suscribir o correspondente seguro coas coberturas mínimas sinaladas pola lexislación sectorial.
- s) Todas as persoas usuarias das actividades desenvolvidas polas entidades beneficiarias deberán ter garantida a asistencia sanitaria polo que deberán presentar ante o Servizo Municipal de Deportes, xunto coa súa solicitude, un seguro de accidentes con cobertura sanitaria ou no seu caso, a xustificación de que se conta con licenza federativa. No suposto de que non se presente esta documentación perderase o dereito ao uso da instalación mediante resolución motivada.
- t) As entidades na solicitude deben identificar o responsable de cada uso: monitor/adestrador/directivo responsable de cada equipo/horario.
- u) As entidades deportivas están obrigadas a presentar tanta documentación sexa requerida polo Servizo Municipal de Deportes en relación a os usos autorizados.
- v) As entidades ás que se lles asignen usos deberán:
- Facilitar a colaboración de xogadores/as e/ou técnicos/as para actos puntuais de promoción deportiva ou eventos deportivos, que lles sexa solicitada polo Servizo Municipal de Deportes motivada por interese do pobo.
 - Prestar a colaboración organizativa posible en todos aqueles actos dentro do ámbito da súa propia competencia que sexan organizados en exclusiva polo Concello de Vilalba.
 - O palco de presidencia de todas aquelas instalacións deportivas obxecto da presente convocatoria será presidido pola S. S^a a alcaldesa de Vilalba ou persoa en quen delegue, que poderá cursar as invitacións oportunas ata un máximo do 50% da súa capacidade, correspondendo o resto á entidade beneficiaria do uso da devandita instalación.
 - Indicar en toda a publicidade da entidade o logo do Concello de Vilalba e colocar publicidade do Concello durante a celebración dos seus eventos deportivos. A publicidade do concello será a predominante a nivel institucional.
 - Limitarse unicamente á exhibición da publicidade dos seus patrocinadores durante o desenvolvemento da competición, sendo da súa conta e risco, a colocación, retirada e almacenamento dos elementos e soportes que usen para iso. Os elementos publicitarios deben ser desmontables. No caso de que se deteriore a instalación colocando este tipo de elementos, deberase reparar a instalación a cargo do club ou entidade.

11. GRATUIDAD DO APROVEITAMENTO DO DOMINIO PÚBLICO

En atención ao establecido na Lei 3/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas no seu artigo 92.5, as autorizacións demaniais que se concedan en aplicación das presentes bases teñen carácter gratuito.

12. EFECTOS DO INCUMPRIMENTO DAS NORMAS DE USO

Constatado documentalmente o incumprimento de calquera das normas de uso da instalación, trasladaráselle por escrito á entidade para que formule as alegacións e presente as probas correspondentes en defensa das súas pretensións. Instruído o correspondente procedemento, ditarase a resolución administrativa que corresponda.

No suposto de non serlle imputable á entidade darase orde de arquivo, e no caso de existir responsabilidade da entidade resolverase con:

- A. Apercibimento á entidade se non ten precedente algún na condición incumplida.
- B. Se ten precedente de incumprimentos, abrírase un expediente sancionador co seguinte procedemento:
 - Falta leve: neste caso sancionarase a persoa ou equipo responsable do incumprimento a 1 semana sen acceso a adestramentos ou competicións nas instalacións deportivas municipais.
 - Falta grave: esta falta resulta de incorrer 3 veces nunha falta leve. Neste caso sancionarase a persoa ou equipo responsable do incumprimento a 4 semanas sen acceso a adestramentos ou competición nas instalacións deportivas municipais.
 - Falta moi grave: esta falta resulta de incorrer de novo noutro incumprimento. A sanción a aplicar será a expulsión do equipo ou persoa polo que resta da temporada deportiva.
- C. Revogación do uso concedido. No caso de que o incumprimento se refira á non utilización ou infrautilización da instalación, a revogación limitarase a esa hora e día da semana que non está utilizando.

Todo iso sen prexuízo de que provisionalmente se suspenda o uso durante a tramitación do correspondente procedemento.

13. EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN

- Por vencemento do prazo de vixencia ou da súa posible prórroga.
- Pola realización de falta moi grave.
- Pola realización de actuacións que supoñan unha violación grave do código de conducta da actividade deportiva.
- Negativa a colaborar na promoción de actividades ou eventos específicos organizados polo Concello de Vilalba no ámbito da autorización concedida, ou non aportación en prazo da documentación esixida ou solicitada.
- Por toda aquela acción que supoña contravirar normas vixentes e que supoñan un risco para o dereito ao honor, á intimidade ou a propia imaxe, como así queda reflexado nas normas vixentes en materia de Protección de Datos e Protección Xurídica do Menor.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Condicións específicas para acceder á pista de atletismo e pistas de tenis municipais.

- I. As persoas deportistas que accedan deberán estar en posesión de licencia federativa en vigor ou dispoñer dun seguro de accidentes deportivos específico. Ademais deberá acreditarse que toman parte, de xeito regular, nas competicións oficiais convocadas polas respectivas federacións deportivas, nas súas respectivas modalidades
- II. As persoas deportistas menores de idade, así como os participantes aspirantes ou en período de proba, dispoñerán igualmente de licencia federativa en vigor ou, no seu caso, de seguro de accidentes deportivos específico.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Uso das instalacións deportivas na fin de semana para participar en ligas federadas regulares.

- I. O uso das instalacións deportivas municipais obxecto da presente convocatoria quedarán reservadas ás fins de semana para as competicións deportivas, exceptuando determinadas instalacións onde se ofertan horas en sábado e domingo. Agás que, de xeito excepcional e motivado, se destinen para outros usos. Según o tipo de competición e instalación da que se trate, o uso para as competicións durante fin de semana estará suxeito a declaración responsable ou autorización según lexislación sectorial.
- II. Ademais do sinalado no punto anterior, para acceder ao uso dunha instalación deportiva con fins competitivos, a reserva solicitada deberá ser comunicada antes dos mércores da semana en curso pola federación correspondente, ou no seu caso, polo club por delegación da primeira. En dita solicitude será

obligatorio achegar o calendario oficial de competicións ou no seu defecto documento federativo acreditativo da data e hora para o uso de competición. Calquera solicitude enviada despois dese prazo non será atendida.

III. Naqueles casos onde haxa unha coincidencia de solicitudes de horas e instalación, resolverase seguindo o seguinte orde de preferencia:

1. Competicións en idade escolar.
2. O nivel de competición.
3. Se estivesen ao mesmo nivel, daráselle preferencia ao club locatario de maior antigüidade de fundación.
4. Maior número de equipos da entidade que actúan como locais na xornada en curso.
5. A criterio do Servizo Municipal de Deportes.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. Espectáculos públicos, actividades recreativas e probas deportivas puntuais.

Según corresponda, debe solicitarse a autorización ou presentar a declaración responsable ante o órgano competente cunha antelación mínima de 30 días da data prevista para a súa celebración.

De xeito xenérico están sometidas a **autorización**:

- De acordo co artigo 41 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, será precisa a obtención de autorización para a celebración de espectáculos públicos cun aforo superior a 500 persoas ou que presenten unha especial situación de risco.
- Tamén será precisa a obtención de autorización para a celebración de probas deportivas en vía pública, según o establecido no Decreto 98/2020, de 2 de xullo, polo que se regula o procedemento de autorización da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas, quedando excluídas de acordo co artigo 2.2.c) e 3.e) da citada lei, as marchas ciclistas con carácter exclusivo para os membros da entidade e con menos de 50 participantes.

De xeito xenérico os restantes eventos deportivos estarán sometidos a **declaración responsable**.

Según a Disposición adicional primeira do Decreto 98/2020, de 2 de xullo, polo que se regula o procedemento de autorización da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas, o disposto nos artigos 8 e 9 do citado Decreto poderá ser aplicado no Concello de Vilalba ao non ter en vigor unha ordenanza específica na materia para autorizar espectáculos públicos e actividades recreativas dentro do seu termo municipal.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. Instalacións deportivas reservadas para unha única entidade ou modalidade deportiva.

Aquelas instalacións adicadas a un único deporte que só podan empregarse por unha única entidade, deben ser solicitadas por esta última, presentando a documentación e declaracións correspondentes.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

No suposto de que o día 18 de setembro de 2023 non houbera resolución definitiva da distribución de uso das instalacións, as entidades que participen na presente convocatoria manterán con carácter provisional os horarios de uso concedidos na actualidade ata que se dite a resolución definitiva da nova distribución das instalacións.

A resolución da presente convocatoria levará consigo a revogación de calquera ocupación de instalación que sexa contraria á mesma.

O uso das instalacións deportivas municipais estará condicionado ao cumprimento do que marque a normativa sectorial en cada momento.

ANEXO I
OFERTA HORAS USOS IDM 23-24

ESPAZO	DÍAS SEMANA	FRANXA HORARIA	MODALIDADE DEPORTIVA
PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES	LUNS A VENRES	9:00 A 10:00	XIMNASIA MANTEMENTO
PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES	LUNS A VENRES	11:00 A 12:00	XIMNASIA MANTEMENTO
PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES	LUNS E VENRES	18:30 A 23:00	BALONCESTO, FÚTBOL SALA E XIMNASIA RÍTMICA
PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES	MARTES	17:30 A 23:00	BALONCESTO, FÚTBOL SALA E XIMNASIA RÍTMICA
PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES	MÉRCORES	20:30 A 23:00	BALONCESTO, FÚTBOL SALA E XIMNASIA RÍTMICA
PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES	XOVES	19:30 A 23:00	BALONCESTO, FÚTBOL SALA E XIMNASIA RÍTMICA
PAVILLÓN CEIP MATO VIZOSO	LUNS E MÉRCORES	19:00 A 20:30	BALONCESTO, TENIS E TENIS DE MESA
PAVILLÓN CEIP MATO VIZOSO	LUNS E MÉRCORES	21:30 A 23:00	BALONCESTO, TENIS E TENIS DE MESA
PAVILLÓN CEIP MATO VIZOSO	VENRES	19:00 A 23:00	BALONCESTO, TENIS E TENIS DE MESA
PAVILLÓN CEIP INSUA BERMÚDEZ	MARTES	20:30 A 23:00	FÚTBOL SALA E TENIS
PAVILLÓN CEIP INSUA BERMÚDEZ	MÉRCORES	21:00 A 23:00	FÚTBOL SALA E TENIS
PAVILLÓN CEIP INSUA BERMÚDEZ	XOVES	18:30 A 21:00	FÚTBOL SALA E TENIS
PAVILLÓN CEIP INSUA BERMÚDEZ	VENRES	19:30 A 23:00	FÚTBOL SALA E TENIS
PISTA DE TENIS N.º 1	LUNS, MARTES, MÉRCORES E XOVES	16:00 A 21:00	TENIS
PISTA DE TENIS N.º 1	SÁBADOS	10:00 A 13:00	TENIS
PISTA DE TENIS N.º 2	VENRES	16:00 A 21:00	TENIS
CAMPO DE HERBA ARTIFICIAL	LUNS	16:00 A 19:00	FÚTBOL E RUGBY
CAMPO DE HERBA ARTIFICIAL	LUNS	20:30 A 23:00	FÚTBOL E RUGBY
CAMPO DE HERBA ARTIFICIAL	MARTES E XOVES	18:00 A 23:00	FÚTBOL E RUGBY
CAMPO DE HERBA ARTIFICIAL	MÉRCORES E VENRES	16:00 A 23:00	FÚTBOL E RUGBY
PISTAS DE ATLETISMO ESTADIO DA MADALENA	LUNS A SÁBADO	10:00 A 14:00	ATLETISMO E TRIÁTLON
PISTAS DE ATLETISMO ESTADIO DA MADALENA	LUNS, MARTES, XOVES E VENRES	16:00 A 21:00	ATLETISMO E TRIÁTLON
PISTAS DE ATLETISMO ESTADIO DA MADALENA	MÉRCORES	18:00 A 21:00	ATLETISMO E TRIÁTLON
SALA DE LOITA AUDITORIO MUNICIPAL	LUNS A VENRES	10:00 A 13:00	LOITA OLÍMPICA
SALA DE LOITA AUDITORIO MUNICIPAL	LUNS A VENRES	20:00 A 22:00	LOITA OLÍMPICA
XIMNASIO DA CASA CONSISTORIAL	LUNS, MÉRCORES E VENRES	19:00 A 22:00	JUDO
XIMNASIO PAVILLÓN MUNICIPAL	LUNS A VENRES	16:00 A 22:00	TODAS AS MODALIDADES ANTERIORES, COMPETICIÓNS OFICIAIS
PISCINA MUNICIPAL	TRIÁTLON. CONSULTAR E TRAMITAR COA ADXUDICATARIA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO		

* Son franxas dispoñibles. Na solicitude indicar só o horario de adestramento xusto e necesario sen ocupar toda a franxa de non ser preciso

 Concello de Vilalba	EXCMO. CONCELLO DE VILALBA SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES Praza da Constitución, 1 27800 - VILALBA (Lugo) 982 510 761 http://www.vilalba.es vilalba.sedelectronica.es deportes@vilalba.es	ANEXO 2. SOLICITUDE ASIGNACIÓN USOS INSTALACIÓN DEPORTIVAS 2023 - 2024
--	---	---

Entidade solicitante			
D. / D^a.		DNI	
Representante da entidade deportiva			

Solicita uso de instalacións deportivas municipais durante a tempada 2023-24 no período comprendido entre as seguintes datas:			
Data dende:		Ata:	

DÍAS	HORARIO	INSTALACIÓN	EQUIPO

Observacións

Vilalba, _____ de _____ de 2023

PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril de 2016 (GDPR), informámoslle que os datos persoais solicitados do propio interesado ou de fontes públicas, serán tratados baixo a responsabilidade do Concello de Vilalba coa finalidade de xestionar a presente declaración responsable. Os datos non serán comunicados a terceiros, salvo obrigaación legal. Informámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a Concello de Vilalba, Praza da Constitución nº 1, 27800, VILALBA (LUGO). Email: info@vilalba.es. Se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente, poderá presentar unha reclamación ante a autoridade de control en www.agpd.es

 Concello de Vilalba	EXCMO. CONCELLO DE VILALBA SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES Praza da Constitución, 1 27800 - VILALBA (Lugo) 982 510 761 http://www.vilalba.es vilalba.sedelectronica.es deportes@vilalba.es	ANEXO 3. RELACIÓN PERSONAL USOS INSTALACIÓN DEPORTIVAS 2023 - 2024
--	--	---

Entidade solicitante			
D. / D ^a .		DNI	
Representante da entidade deportiva			

Designo como interlocutor/a para as cuestións relacionadas con esta convcoatoria a			
Nome e apelidos		Teléfono móbil	

RELACIÓN DE PERSONAL RESPONSABLE (Adestradores, coordinadores, personal apoio, etc...)	
NOME E APELIDOS	EQUIPO / EQUIPOS

Observacións

Vilalba, _____ de _____ de 2023

PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril de 2016 (GDPR), informámoslle que os datos persoais solicitados do propio interesado ou de fontes públicas, serán tratados baixo a responsabilidade do Concello de Vilalba coa finalidade de xestionar a presente declaración responsable. Os datos non serán comunicados a terceiros, salvo obrigación legal. Informámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a Concello de Vilalba, Praza da Constitución nº 1, 27800, VILALBA (LUGO). Email: info@vilalba.es. Se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente, poderá presentar unha reclamación ante a autoridade de control en www.agpd.es

 Concello de Vilalba	EXCMO. CONCELLO DE VILALBA SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES Praza da Constitución, 1 27800 - VILALBA (Lugo) 982 510 761 http://www.vilalba.es https://vilalba.sedelectronica.es/info.0 deportes@vilalba.es	DECLARACIÓN RESPONSABLE ASIGNACIÓN USOS INSTALACIONES DEPORTIVAS 2023 - 2024
--	---	--

DECLARACIÓN RESPONSABLE			
D. / D ^a .		DNI	
Representante da entidade deportiva			

Tomando como referencia as **Bases reguladoras da convocatoria de asignación de usos das instalacións deportivas municipais** para actividades deportivas de adestramento durante a tempada 2023-2024, DECLARA QUE

Para os usos que lle sexan concedidos na Resolución da antedita convocatoria:

- Son certos os datos consignados na solicitude.
- Todo o persoal da entidade que interveña en adestramentos con persoas menores de idade disporá do correspondente certificado que acredite a carencia de delitos de natureza sexual, expedido polo Rexistro Central de Delinquentes Sexuais, conforme á Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
- A entidade contará coa subscrición dun contrato de seguro de responsabilidade civil polos danos que se lles poidan ocasionar ás persoas usuarias, a participantes e a calquera outra persoa, como consecuencia da súa actividade deportiva, conforme á Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia e á Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Todas as persoas participantes nas actividades deportivas desenvolvidas pola entidade (incluídas as aspirantes ou en período de proba) disporán de licenza federativa ou, no seu defecto, da cobertura dunha póliza de accidentes que garanta a correspondente asistencia sanitaria, conforme á Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.
- Todo o persoal da entidade (adestradores/as, coordinadores/as, persoal de apoio) que desenvolva a súa labor nas instalacións deportivas municipais contará coa correspondente licenza federativa e a titulación formativa necesaria según a lexislación sectorial vixente.
- A entidade cumprirá as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social con todo o seu persoal asalariado.
- A entidade atópase ao corrente co cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria, Seguridade Social e o Concello de Vilalba.
- Dispoño da documentación que acredita todos os puntos anteriores e que a porei a disposición do persoal habilitado do Servizo Municipal de Deportes cando me sexa requirida.
- Comprométome ao cumprimento do réxime e das normas de uso das bases que rexen esta convocatoria.

Vilalba, _____ de _____ de 2023

PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril de 2016 (GDPR), informámoslle que os datos persoais solicitados do propio interesado ou de fontes públicas, serán tratados baixo a responsabilidade do Concello de Vilalba coa finalidade de xestionar a presente declaración responsable. Os datos non serán comunicados a terceiros, salvo obrigación legal. Informámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a Concello de Vilalba, Praza da Constitución nº 1, 27800, VILALBA (LUGO). Email: info@vilalba.es. Se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente, poderá presentar unha reclamación ante a autoridade de control en www.agpd.es

Horarios Disponibles Bases Asginación Usos Clubs Temp 2023-24
HORARIOS DISPOÑIBLES ASGINACIÓN USOS CLUBS TEMPADA 2023-24

	Reservado para competicións
	Reservado para actividades deportivas municipais
	Instalación pechada
	Instalación para aluguer veciñal
	Dispoñible para solicitudes de uso

	PAVILLÓN MUNICIPAL TEMPADA 2023-24							
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES		SÁBADO	DOMINGO
09:00								
10:00								
11:00								
12:00								
16:30								
17:30								
18:30								
19:30								
20:30								
21:30								
22:30								
23:00								

Horarios Disponibles Bases Asginación Usos Clubs Temp 2023-24

	PAVILLÓN MATO VIZOSO. TEMPADA 2023-24							
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES		SÁBADO	DOMINGO
10:00								
11:00								
12:00								
13:00								
14:00								
15:30								
17:00								
17:30								
18:00								
18:30								
19:00								
19:30								
20:00								
20:30								
21:00								
21:30								
22:00								
22:30								
23:00								

Horarios Disponibles Bases Asginación Usos Clubs Temp 2023-24

	PAVILLÓN INSUA BERMÚDEZ. TEMPADA 2023-24						
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
10:00							
11:00							
12:00							
13:00							
14:00							
15:30							
16:30							
17:00							
18:00							
18:30							
19:00							
19:30							
20:00							
20:30							
21:00							
21:30							
22:00							
22:30							
23:00							

Horarios Disponibles Bases Asginación Usos Clubs Temp 2023-24

	PISTA DE TENIS 1 . TEMPADA 2023-24							
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES		SÁBADO	DOMINGO
10:00								
11:00								
12:00								
16:00								
16:30								
17:30								
18:30								
19:30								
20:00								

Horarios Disponibles Bases Asginación Usos Clubs Temp 2023-24

	CAMPO HERBA ARTIFICIAL.TEMPADA 2023-24							
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES		SÁBADO	DOMINGO
10:00								
14:00								
16:00								
16:15								
16:30								
17:30								
17:45								
18:00								
18:30								
19:00								
20:30								
20:45								
21:00								
22:30								
23:00								

Horarios Disponibles Bases Asginación Usos Clubs Temp 2023-24

	PISTA DE ATLETISMO ESTADIO DA MADALENA. TEMPADA 2023-24							
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES		SÁBADO	DOMINGO
10:00								
11:00								
12:00								
13:00								
14:00								
16:00								
16:30								
17:00								
18:00								
19:00								
20:00								
21:00								

Horarios Disponibles Bases Asginación Usos Clubs Temp 2023-24

	SALA CASA CONSISTORIAL. TEMPADA 2023-24							
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES		SÁBADO	DOMINGO
18:00								
18:30								
19:00								
20:00								
21:00								
22:00								

	AUDITORIO. SALA DE LOITA . TEMPADA 2023-24							
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES		SÁBADO	DOMINGO
10:00								
12:00								
13:00								
17:00								
18:00								
19:00								
20:00								
22:00								

Vilalba, 18 de agosto de 2023.- A Alcaldesa, María Elba Valeiro Fernández.

R. 2692

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A.

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente número: A/27/24115

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionario: Ayuntamiento de Navia de Suarna

Nombre del río o corriente: Regueiro de Cales y arroyo innominado

Caudal solicitado: 0,04 l/seg.

Punto de emplazamiento: Muñís y Fontela.

Término Municipal y Provincia: Navia de Suarna(Lugo)

Destino: Abastecimiento de agua a Muñís.

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:

Regueiro de Cales: Captación y conducción con tubería a arqueta de reparto y a trece depósitos individuales.

Arroyo innominado: Captación y conducción con tubería a arqueta y caseta de bombeo e impulsión a depósito.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Navia de Suarna**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 17 de julio de 2023.- EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES, Pedro Granda Rodríguez.

R. 2441

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/41801

Proforgal S.L., con N.I.F. ***1936**, solicita autorización para la tala de árboles en la zona de policía, cuyos datos son los siguientes:

CORRIENTE: Rego de Reboredo y Rego da Terra Rubia

MARGEN / RIBERA: ambas y ambas

Nº Y ESPECIE DE LOS ÁRBOLES A TALAR: 1.172 robles, 421 abedules y 513 sauces

LUGAR: Parcelas 36, 37 y 10037-polígono 73 y Parcelas 428 y 783-polígono 75

PARROQUIA: Distriz (Santo André)

TÉRMINO MUNICIPAL: Monforte de Lemos

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de **UN (1) MES**, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es

Lugo, 24 de julio de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO José Miguel Veigas Méndez

R. 2698
